



"Quixen facer unha homenaxe explícita a esas novelas de Agatha Christie que tanto me fascinaron cando era nena"

[Montse Dopico](#) 15 de novembro de 2019

<https://praza.gal/cultura/quixen-facer-unha-homenaxe-explicita-a-esas-novelas-de-agatha-christie-que-tanto-me-fascinaron-cando-era-nena>

Unha rapaza de 15 anos aparece asasinada nun escenario que parece a imitación dunha obra de arte. Varios membros da súa familia son sospeitosos. Porque todos tiñan razóns para matala. Mais unha parella de policía chegarán ata o final neste caso. Diso vai 'Beleza Vermella' (Galaxia), a última novela de Arantza Portabales. Aínda que no que afonda, en realidade, é nos conflitos internos dunha serie de personaxes que temen non ser amados. Ou que se senten culpables por non ter os sentimentos axeitados.

O libro está a ter bastante repercusión en crítica e público. Foi traducido, está en listaxes dos máis vendidos... Como está a ser para isto?

Cando un escribe un libro sempre ten a esperanza de chegar á maior cantidade de xente posible, pero os meus lectores sempre me sorprenden. Máis aló da crítica especializada, das traducións ou das vendas o que máis me aleda son os lectores que día a día me deixan mensaxes nas que sinxelamente me contan o ben que o pasaron. Esa é a única razón da nosa escrita. Contar historias e atopar a xente que queira que llelas conten.

O título, Beleza Vermella, refírese a unha obsesión transmitida, nunha familia, de xeración en xeración, dunhas mulleres a outras. Relacionada co conflito entre a vida e a arte, co medo a non ter abondo talento... Como xorde a idea desa familia e que quixeches retratar a través dela?

A idea nace da imaxe da nena asasinada nunha poza de sangue que inmediatamente asociéi á obra da escultura marinense Celeste Garrido. Nese intre souben que o arte estaría vencellado a esta historia. Esa era a idea inicial, pero o certo é que todo ese mundo subterráneo que latexa no fondo da novela, e que tan ben describes, non foi buscado. Si que quería poñer o mundo da arte como o escenario que envolvese a historia. E ao final todo xurdiu de xeito natural.

O conflito entre a vida e arte obsesioname, na medida en que eu tamén o vivo na miña vida diaria. Por outra banda, supoño que a novela axudoume a amosar ese síndrome do farsante que

todos en máis ou menos medida agochamos. Eu son unha persoa tremendamente perfeccionista en todas as facetas da miña vida, o que me fai vivir coa tensión de non estar sempre á altura das expectativas. Supoño que trasladei iso aos meus personaxes. Pero xa che digo que non foi buscado.

O núcleo da historia, en realidade, son dúas irmás xemelgas. A súa relación de "amorodio", como din elas mesmas. O máximo amor e a máxima conexión (e dependencia), mais tamén o medo a ser peor ca outra. Ao ler, pensaba que podía ter un fondo de historia de competitividade entre mulleres, ese tópico patriarcal. Que quixeches apuntar a través delas?

Realmente parecíame moi atractivo que dúas persoas moi idénticas por fóra fosen completamente distintas por dentro, nas súas aptitudes e nas súas actitudes. Non o formulei coma unha rivalidade. De feito, para unha das dúas a relación é de admiración e dependencia. Ao final unha representa o mundo pragmático, real e cotiá que nos asolaga. A outra representa o mundo dos soños, da utopía, da creación artística sen baixar e poñer os pés no chan. Son o yin e o yang. Dúas pezas que encaixan perfectamente para compoñer un todo. Un Sancho e un Quixote. Un mundo real e un mundo ideal.

Lía fai xirar todo o seu conflito sobre esa decisión. Constantemente volve a ese aeroporto onde tomou unha decisión que non só cambiou a súa vida senón a dos demais membros da súa familia. E séntese responsable. Tamén é certo que non se arrepinte. A súa arte demándalle egoísmo, e coido que fai un exercicio de honestidade brutal. Non é unha muller de medias tintas. Toma unha decisión e non se arrepinte. E é certo que estas actitudes non se entenden na sociedade. No momento en que alguén se aparta das normas establecidas chega o xuízo social. Lía está por riba diso e revélase.

Mais é unha historia chea de conexións entre os personaxes. E unha desas conexións é a perda dun fillo/a. Varias veces sae a idea de que para iso non hai nin nome. Que ten este libro de reflexión sobre iso?

Sempre digo que a maternidade aprendeume o significado real da palabra medo. Se tiña que amosar un crime e a dor dos que o rodean, o peor escenario posible parecíame o dunha filla morta. O asasinato é un acto antinatural. A morte dun fillo tamén. As dúas cousas xunguidas parecíame que sublimaban o horror.

O libro ten moitos elementos de novela policial -un asasinato, unha investigación-, mais o seu obxectivo é afondar na psicoloxía e nos conflitos dos personaxes. Como te formulaches ti a escrita? Como novela negra?

A novela é unha homenaxe explícita, na estrutura policiaca, a esas novelas de Agatha Christie que tanto me fascinaron cando era unha nena. Digo explícita, porque así o amosei nas citas, con independencia de que a voz narrativa non ten nada en común coa de Agatha Christie, como é normal. Con ese punto de partida, asasinato de círculo pechado clásico, unha vez que comezo a escribir, na medida que son unha escritora que debuxa mellor paisaxes humanos que xeográficos, deriva nunha novela máis psicolóxica que procedimental.

Son capítulos moi curtiños (aí debe vir algo do teu primeiro libro de relatos), con moito diálogo... E cunha intriga ben dosificada. Aínda que teño que confesar que, como lectora, nalgún momento sobráronme algunhas páxinas. Como foi o proceso de escrita? Como querías que resultase a lectura?

Quería atrapar ao lector á cadeira, de aí que o traballo de dosificación da información foi importante. Eu tiña claro o desenlace dende o minuto un, así que limiteime a conducir a historia ata ese punto e final. Todos os capítulos teñen como único fin ir amosándolle ao lector distintos aspectos da vida dos seis sospeitosos do asasinato, ou da propia asasinada, de xeito que o lector poida compoñer por si mesmo ese resultado final ao que se chega no remate.

Un dos núcleos da historia é o amor, ou máis ben a falta del, porque parece dirixirse sempre ao peor sitio. É así por algún motivo en especial?

Esta é unha novela triangular. Hai moito triángulos afectivos, algúns con elementos común entre eles. Todos os personaxes da novela aman, e non se senten amados. Todos viven mergullados polo peso da culpa. Por sentir o que coidan que non deben sentir. A culpa é o elemento que une a estes personaxes. Só un deles matou a Xiana a Alén, pero todos senten que conduciron a Xiana a ese desenlace. E esa sensación queda patente ao final da novela.

Por outra banda a relación de Abad e Barroso, que non estaba para nada pensada cando comecei a escribir a novela, e que xurdiu case de xeito espontáneo, formula un conflito maior. Abad é un personaxe que é consciente dos seus propios diaños, e iso, faino terriblemente atractivo como personaxe, xa que loita constantemente contra si mesmo, pero no é capaz de afrontar a súa vida, o seu problema, malia a consciencia de que sabe que algo non funciona ben dentro del. Parece pensar que o amor o redime todo.

Os investigadores do crime son Ana e Abad. A de Ana é unha personaxe interesante. O xeito no que non se deixa tratar polo seu xefe como unha subordinada. En todos os aspectos. Ana é máis motor da historia ca Abad, en realidade, como tamén o son máis Sara e Lía ca Teo, pola outra. E supoño que niso, tratándose dunha novela negra, pode haber algo de escolla. Por que é así?

No que se refire a Ana, a relación con Abad dende o punto de vista estritamente profesional evoluciona dende a condescendencia inicial deste cara a ela, ata a admiración. Ana crece e crece profesionalmente na novela. E ademais faino grazas á xenerosidade de Abad. Gústame esa relación case de Pigmalion que teñen.

Os personaxes femininos é verdade que son fortes. Mulleres profesionais, de carácter, loitadoras. Non o fago á mantenta, pero imaxino que é algo natural na miña realidade cotiá, coñezo múltiples mulleres con esas características. Independentemente do nivel de estudos ou da bagaxe profesional, as miñas personaxes femininas acaban sendo moi fortes. Iso non quere dicir que sexan mellores ou peores. Por outra banda coído que xa é hora de que estes roles estean presentes na literatura, como ata o de agora se facía cos personaxes masculinos.

O caso do libro ten algún parecido co da nena Asunta. O escenario é tamén Santiago, ademais. E supoño que polo menos o ambiente de sospeita duns membros da familia sobre os outros (xunto co maquiavélicos que poden ser algúns) puido inspirar a túa ficción. Que ten 'Beleza Vermella' desa realidade?

O certo é que cando concibo Beleza Vermella, fágoo pensando no desenlace da novela. O asasinato de Xiana só ten unha causa. E esa causa determina toda a novela. Non importa tanto o quen a matou senón para que a mataron. E iso difire totalmente do caso Asunta. Coloquei a acción en Teo porque é aquí onde vivo e gústame facer transitar aos meus personaxes polos mesmos escenarios polos que eu transito. Todo iso, unido ao feito de que a asasinada é unha nena, leva a facer ese fío, que non foi en absoluto buscado. E é certo que hai unha referencia

explícita ao caso, ao comezo, pero terán que crerme os lectores cando digo que foi todo casualidade.

As personaxes de Sara e Inés teñen algunha cousa en común. As dúas levan moi ben a pantalla dunha vida perfecta, mais teñen no fondo o mesmo problema, que é non ser amadas como querían. E as dúas son frías e poden chegar a ser bastante retorcidas. En que se parecen e en que se diferencian?

Ambas representan o prototipo de relación tóxica. Xa sexa nun home ou nunha muller. Coñezo xente así. Todos os coñecemos. A verdade é que o amor é imposible impoñelo. E cando nunha parella hai ese desequilibrio, está claro que non pode funcionar. Coido que todos temos pendente a lección de respectar os sentimentos alleos. Amar moito a unha persoa non obriga a esta persoa a corresponderte. Isto é o que subxace ao final en todos os problemas de violencia de xénero: a falla de respecto cara ás decisións e cara á liberdade da parella.

Unha das claves para resolver o crime é entender que a adolescente morta non é unha nena, senón unha muller, (adolescente). Unha muller que se presenta como axente dunha relación pouco adecuada. Non sei se hai algo aí de tentar romper un tabú, e ademais é un tema delicado... Podes dicir algo disto?

Recibín críticas sobre a sexualización que fago dunha menor. Só teño que dicir que os personaxes non son idílicos. Non teñen que amosar patróns de condutas ideais. De ser así, limitariámonos a falar de personaxes que teñen na casa quince cubos de reciclaxe, colaboran con ONG's, e son excelentes persoas. Sería marabilloso, pero este tipo de personaxes terían pouca cabida nunha novela negra. O peor que lle pasa a Xiana Alén non é a súa sexualización. É que a matan. Ademais disto, quixen facer o esforzo (e foi un esforzo grande xa que teño rapazas desa idade), de encarar a sexualidade consentida na idade adolescente, xa que é un feito constatado que o espertar á sexualidade estase a producir moito antes nas novas xeracións.

En realidade, todo o mundo ten un conflito consigo mesmo. E este conflito está moitas veces relacionado coa xestión das propias emocións: non sentir o que deberían. Por que?

Ese é ao final o resumo desta historia. Todos os personaxes desta novela teñen que aprender a sobrelevar os seus sentimentos, todos senten o peso da culpa, as consecuencias das súas decisións. Téñenme dito que son excesivamente dramáticos. Que todos viven escenarios moi esaxerados. O mesmo mo dixeron da anterior novela. Pero ao final miro ao meu redor, e atopo unha realidade máis esaxerada, máis terrible. E entón cando boto as mans á cabeza e dígame: "Se conto isto nunha novela non mo cre ninguén"

Algo máis que queiras comentar?

Nada máis. Tan só que gocei moito escribindo esta novela. E que o corpo e os lectores me piden máis Abad e Barroso.